

Os premios Sereo reivindicaron de novo a cultura feita en Barbanza

Os premios de Barbantía serviron para loar o traballo da entidade

J.M. SANDE
OUTES / LA VOZ

Barbantía fixo entrega onte dos seus premios anuais na casa da cultura de Outes, nun emotivo acto ao que asistiron un nutrido grupo de intelectuais e artistas da bisbarra e que estivo presidido polo alcalde ourensán, Carlos López Crespo, e Xesús Lailío, responsable do colectivo cultural. Os rexedores de Louzame, A Pobra e Rianxo tamén arrouparon aos agasallados este ano co Sereo, distinción que correspondeu a Manuel Mariño del Río, pola súa traxectoria; á asociación Ambar, na categoría de Iniciativa Cultural; e a Aurora Marco López, pola súa dedicación e traballo en prol da cultura galega.

«Sintome moi honrado e agradecido polo agasallo. Vós soades a base para os que para os-

tros non tivo mérito. Barbantía é coma unha lancha xeiteira nun mar embravecido, pero entre todos nós seremos quen de mantela a flote, e seguir potenciando a actividade cultural nesta comarca que é o obxectivo desta asociación», afirmou Manuel Mariño ao recibir o seu galardón.

Para a presidenta de Ambar, Milagros Rey, «o recoñecemento que hoxe se fai ao traballo realizado durante 30 anos con persoas con discapacidade é un lugar onde vivir dignamente en igualdade, favorecendo a diversidade e tamén a integración sociocultural».

O Sereo é potenciación da cultura galega correspondente a Au-

rorra Marco, pola súa longa traxectoria no seu fomento. A premiada recoñeceu o labor que Barbantía e La Voz de Galicia veñen facendo a prol da preservación e difusión da cultura en Barbanza. A profesora noíesa dixo tamén: «Levo 43 anos dedicada de cheo a estudar e difundir a nosa cultura, á recuperación da memoria histórica e tamén a reivindicar o traballo feito ao longo do tempo pola muller galega. Este recoñecemento paga con creces canto eu teño feito».

Agasallo para o colectivo

Tamén a asociación Barbantía foi obxecto dun agasallo. O escultor Che Tembra quixo valorar e dar mérito ao seu labor creando un fermoso Sereo con refugallos de metal que entregou ao presidente da entidade.

Esther Carrodegas foi a encargada de dirixir o acto con sol-



Rey, Mariño del Río e Marco posaron cos seus galardóns. www.oz.es

venia, humor e eficacia, mentres que a parte musical correu por conta do grupo de gaitas de Outes. Tamén se presentou un vídeo musical e outro sobre as actividades máis destacadas das

que promoveu Barbantía este ano. Como remate, o presidente de Outes lembrou o mérito de Barbantía e La Voz de Galicia pola súa contribución ao desenvolvemento da cultura en Barbanza.